

Cando a cor se fai luz

OLGA PATIÑO

Kandinsky: Es bello lo que procede de una necesidad interior del alma. Es bello lo que es bello interiormente.

Son as seis e media da tarde.

Dunha tarde de inverno.

Vou moi abrigada, sinto unha sensación cálida por dentro e por fora.

Non vai moito frío.

A luz do día está nese intre

indeciso ...

Encamñome cara a Cidade Vella - miña querida G.V.

As súas pedras douradas traenme á memoria

aqueles paseos da man do meu pai.

Escoitaba enfeitizada os seus contos que me relataba

con gran tenrura e

infida paciencia.

Eu estaba desexosa deles e aínda non remataba un, xa estaba a esixir outro.

Todos eles seguidos eran coma unha historia interminable e costábame moito esforzo sair á

boca

da

realidade.

As rúas da Cidade Vella teñen sabor, pódense degustar

intensamente.

Camiñar entre as súas pedras e sobor delas

é

voltar ó tempo pasado.

O seu mutismo naquela tarde de domingo era

un -ECO-

que penduraba da última palabra ...

Se se pode sentir

e intuir na distancia,

eu

percibín as mil voces do silencio,
latexos dos meus devanceiros,
voces desdebuxadas no tempo ...

Aquela luz vacilante das seis da tarde

conxugábase co

silencio

dos ancestros.

Creouse unha atmósfera irreal

polo calmo,

polo palpable do seu magnetismo.

Entrei na Igrexa de St^a María e tiven a sensación de penetrar

nun sono intemporal ...

Todo era quietude en penumbra.

Estaba a soas co meu silencio

e

o daquelas pedras centenarias

Invadíume unha infinda serenidade.

Senteime e cravei a mirada naquel ollo - perforado - enigmático que deixaba
entrar

a luz

das

derradeiras horas

da tarde.

Aquela luzada facía máis permanente a sensación de soño.

Un forte olor a incenso e o tic-tac dun reloxo

marcaban

as pautas dunha seudorrealidade.

As facianas inanimadas dos santos, as siluetas caladas

algunhas tráxicas

encaixaban perfectamente naquel marco

máxico - intemporal.

Non sei canto tempo permanecín sentada no interior da Igrexa

- o suficiente -

para partir á miña nenez e mocidade:

Cine ciudad-maxia-chicle-pipas

fonte-Praza de Azcárraga-vestido branco

árbores-magnolios

rúa Sinagoga

Plazuela das Bárbaras-escapulario-torno-voces de seda

Zapatería

Tinaxas

Cortaduría

rúa Tinaxas-pasantía-casa maravillosa

Os Dominicos-Cine Club-teatro-búsqueda

Igrexa de Santiago-Pila bautismal

Troncoso

Terceira Orde

Xardín de San Carlos-soños-Biblioteca

Cristo

exámenes

De súpeto o son dunha campá

interrumpíu

o son do silencio - penumbra ...

E retornei da miña mocidade

á miña madurez

Sentín un nó na garganta e agradeceín non ter testemuña

daquel instante

- PERTENCÍAME -

Encamiñeime cara a rúa Tabernas.

Pareime diante da ábsida de Igrexa de Santiago (bautizáronme nela).

Encandeame a súa semirredondez, a súa cálida tonalidade

ó serán

cando se acenden os ollos das farolas.

O espírito dos trasnos envólveno todo, resultando

un entorno

moito máis misterioso ...

Continúei ata a rúa Tabernas.

Escoitábase un forte chio de paxaros que

se arroupaban nunha palma xigante.

Respirei fondamente

e comprendín que

cando a cor faise luz, a - POESÍA - pódese facer realidade.

(A meu pai que me ensinou de nena a disfruta-la poesía que encerra a Cidade
Vella da Coruña).

Olga Patiño Nogueira





Praza de Azcárraga, da Coruña. Apunte de Alfredo Erias.